

Estudo de investigación

Inflúe o método de depilación no crecemento do pelo?

Xa que noutra investigación depilamos a un grupo de compañeiros, imos facer democrático o proceso depilando a outros. Igual que se fala da influencia da Lúa na depilación, tamén é repetido que o método de depilación inflúe no resultado. É iso certo? Volvemos a poñer a proba o saber popular.

1. Analizamos os recursos dos que dispoñemos e o problema.

Hai moitos métodos de depilación; afeitado, cremas, cera... Son todos igual de eficientes? A maioría da poboación está convencida de que a depilación por cera é máis duradeira que calquera das outras dúas. Que significa eficiencia neste contexto? Porque non necesariamente debe ser a duración da depilación, tamén pode ser o tempo investido en conseguila. Neste caso imos quedar coa primeira opción, analizaremos cal delas dura máis tempo.

2. Buscamos información.

Que relación hai entre o método de depilación e o crecemento do pelo? Que estudos analizan a cuestión?

3. Propoñemos unha hipótese de traballo.

Agora xa podemos propor unha hipótese de traballo, unha posible resposta á pregunta inicial.

4. Realizamos un deseño de investigación.

Imos probar con tres métodos de depilación: coitela, crema e cera.

PEDIMOS AXUDA A UN ADULTO PARA FACER A DEPILACIÓN.

Sobre a mesma perna imos aplicar a depilación:

- Con cera na cara externa da perna.
- Con crema na parte traseira da perna.
- Con coitela na parte interna da perna.

Para obter máis datos con menos individuos podemos facelo nas dúas pernas.

Durante as seguintes semanas analizamos o crecemento do pelo.



Para aumentar o número de datos a analizar podemos pedir axuda a outras persoas mediante un proxecto de ciencia cidadá. Para facelo, só temos que deseñar unha aplicación mediante Epicollect five. Despois publicitamos o traballo en redes sociais e esperamos a recibir os resultados.

5. Resultados da nosa investigación.

Analizaremos os datos para confirmar ou non a nosa hipótese de traballo.

6. Redactamos un artigo co traballo realizado. (Tes máis información no apartado do método experimental)

7. Expoñemos en clase o traballo de investigación.

Este deseño do proxecto de investigación non é máis que unha proposta.

Na túa man está modificalo para facelo o teu proxecto.